

## ENTROIDO 2017

### BASES DO CONCURSO DE DISFRACES

Con motivo do Entroido 2017 o Concello de Arzúa organiza un desfile o domingo 19 de febreiro ás 17:00h no Recinto Feiral “Terra do Queixo” de Arzúa. Para fomentar a participación convócase un ano máis o tradicional concurso de disfraces de acordo coas seguintes bases:

**PRIMEIRA.** Para participar é obrigatorio inscribirse previamente podendo facelo:

- No Departamento de Cultura do Concello de Arzúa ou chamando ao 981500222 ata o 17 de febreiro, en horario de 8:30 a 15:00h.
- No Multiusos “Terra do Queixo” o mesmo día do concurso de 15:30 a 16:30 horas, como mínimo media hora antes de comezar o desfile.

No momento da inscrición deberase indicar o número de compoñentes e o lema para a identificación. O día do desfile, o lema deberá ir en cartel ou bandeirola situado nun lugar destacado e visible. Os participantes nas modalidades individuais recibirán un dorsal co número de participación.

**SEGUNDA:** Haberá catro modalidades:

- Comparsa: Considéranse comparsas un conxunto de persoas formado por un mínimo de 9 compoñentes representando un mesmo motivo.
- Grupo: Considéranse grupos un conxunto de persoas de entre 2 e 8 compoñentes representando un mesmo motivo.
- Individual infantil: nesta modalidade poderán participar nenos e nenas con idades comprendidas entre os 0 e 16 anos.
- Individual adulto: nesta modalidade poderán participar persoas de 17 anos en diante.

As comparsas e grupos poderán optativamente presentarse apoiados dun móbil (carro, tractor, remolque...). A altura máxima será de 3 metros.

A mesma persoa non poderá participar en máis dunha categoría

**TERCEIRA:** Os premios establecidos polo Departamento de Cultura son:

Comparsas	Grupos	Individual Infantil	Individual Adulto
1º: 550 €	1º: 300 €	1º: 100 €	1º: 100 €
2º: 300 €	2º: 200 €	2º: 60 €	2º: 60 €
3º: 150 €	3º: 120 €	3º: 40 €	3º: 40 €

O xurado tamén concederá un premio simpatía de 100 euros a un grupo ou comparsa do municipio e que non acadara ningún dos premios anteriores.

**CUARTA:** A cualificación das distintas modalidades será determinada polo xurado do concurso que estará composto por catro representantes nomeados polo Departamento de Cultura do Concello de Arzúa.

**QUINTA:** Durante o desenvolvemento do desfile, o xurado valorará:

**Comparsas e Grupos:**

- Vestiario e maquillaxe 0 a 4 puntos
- Traballo feito a man e emprego de materiais de refugallo 0 a 4 puntos
- Orixinalidade 0 a 3 puntos
- Coreografía e música 0 a 3 puntos
- Organización e efecto do conxunto 0 a 3 puntos
- Simpatía (involucrar ao público) 0 a 5 puntos

**Disfraces Individuais (infantís e adultos):**

- Orixinalidade do vestiario 0 a 4 puntos
- Traballo feito a man e emprego de materiais de refugallo 0 a 4 puntos
- Maquillaxe 0 a 2 puntos
- Simpatía (involucrar ao público) 0 a 5 puntos

**SEXTA:** A entrega de premios terá lugar o mesmo día de celebración do concurso, unha vez feita a avaliación polo Xurado.

**SÉTIMA:** Os grupos e persoas participantes deberán presentarse no Multiusos "Terra do Queixo" como mínimo media hora antes da saída.

Os participantes que precisen de música deberana traer en formato CD e as actuacións non durarán máis de 2 minutos.

**OITAVA:** A orde de saída no desfile será coincidindo coa orde de inscrición nas diferentes modalidades.

**NOVENA:** A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sendo a decisión do xurado inapelable.

Os presentes premios serán outorgados con cargo á partida orzamentaria 334.480.02 do vixente orzamento, ata o límite de 2.120 euros.

Os premios levarán consigo a retención en concepto de IRPF, que resulte da aplicación segundo as normas contidas na normativa reguladora do imposto.

En Arzúa, 19 de xaneiro de 2017.

*José Luís García López*  
**Alcalde do Concello de Arzúa**